



RECORDATORIO NORMAS DE FUNCIONAMENTO COMEDOR

INFORMACIÓN DO FUNCIONAMENTO DO COMEDOR PARA O CURSO 23-24

1. HORARIO:

O servizo de comedor escolar ten o horario seguinte: de 14:00 h a 16:00 h.

- ✓ A hora de recollida deste alumnado será as 16:00 h. Para facilitar a recollida do alumnado a porta abrirase uns minutos antes.
- ✓ Non se entregarán nenos/as antes desa hora agás que o teñan solicitado por escrito ante a Dirección do centro. As familias que teñan dita autorización, deberán axustarse as seguintes quendas:
 - autorización para as 15:00 horas
 - autorización para as 15:30 horas

Non é necesario tocar o timbre. As monitoras abrirán a porta de 15:00 a 15:05 e de 15:30 a 15:35, para facer a entrega das nenas e dos nenos ás familias correspondentes.

En caso de atrasos na recollida, debido a imprevistos, deberá comunicarse ás monitoras ou chamar ao centro para avisar desa circunstancia.

En calquera caso, prégase puntualidade na recollida.

2. OBXECTIVOS

O comedor escolar é un servizo complementario do centro e polo tanto rexen as mesmas normas de convivencia que están establecidas e aprobadas no NOF (Normas de Organización e Funcionamento). É responsabilidade do alumnado e das súas familias coñecer e cumprir as normas.

Como actividade complementaria que é ten obxectivos educativos tales como:

- Adquirir hábitos de hixiene axeitados á hora de comer.
- Concienciar aos alumnos e alumnas da importancia de levar unha dieta sa, variada e equilibrada. Os nenos deberán probar todo tipo de alimentos aínda que non lles gusten.
- Adquirir hábitos á hora de comer (sentarse ben a mesa, utilizar axeitadamente os cubertos, deixar todo recollido, non berrar,...)

O incumprimento das normas de convivencia por parte dos usuarios de comedor será notificado aos pais/nais e, de persistir na mesma actitude, implicará a correspondente sanción que, **no caso das faltas moi graves, poderá ser a privación total ou temporal do uso do servizo.**



3. OBRIGAS DAS FAMILIAS:

Os pais /nais do alumnado teñen a obriga de comunicar con antelación suficiente (o día anterior ou, en último caso, antes das 9:45 h do día en cuestión) se non van a facer uso do comedor.

TELÉFONO PARA AVISOS: 658 22 33 26

Enténdese que o alumnado que non avisou e está na lista, fai uso do comedor para os días solicitados (diariamente ou días soltos) segundo o que figura na súa solicitude ao centro.

A Instrución 3/2022 da Consellería para este curso 2022/2023 establecen que:

- **Aqueles comensais que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do centro.**
- **Os usuarios do servizo de comedor que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia, antes das 09:30 horas do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días.**

Pregamos a vosa colaboración a fin de poder optimizar as prazas de comedor adxudicadas e que non queden alumnos/as sen poder usar o servizo cando existen vacantes.

Grazas anticipadas.

A Dirección.